



Título: *Concubinas*
Autora: Inma López Silva
Editorial: Xerais, Vigo, 2002
Núm. pp.: 258
Tamaño: 14,5 x 22

A concesión do penúltimo Premio Xerais de Novela a esta obra volve modificar a pregunta de para quen escriben os autores galegos. Se un atende á presentación publicitaria de *Concubinas*, trátase dunha historia de amores e vinganzas que está protagonizada polas mulleres dunha familia esquivada polo amor, un escaparate de personaxes fantásticos e anécdotas polo que van desfilando as vidas dos protagonistas nun escenario mítico chamado San Eirís, onde os frades non morren e o río baixa con auga vermella os 18 de xullo.

A mencionada presentación da novela fala tamén da mestura de cores, olores e sabores que caracteriza a obra, e todos estes detalles son certos e fan dela un ambicioso intento por construír un libro que fuxa das tentacións do oportunismo e da repetición de tópicos e chamadas a un lector pouco esixente. Pero *Concubinas* adoce dun serio problema de credibilidade: trátase dunha acumulación tal de citas literarias, mencionadas expresamente ou non, escenarios xeográficos pretensiosa-

mente cosmopolitas, expresións en inglés, italiano, francés e mesmo alemán, en moitos casos innecesarias para un lector medio, que un chega a preguntarse se esta novela foi escrita para ser lida dentro dun mercado literario normalizado e, considerando que se trata teoricamente diso, da novela que recibe o premio máis importante do ano, ou se é unha obra para críticos e profesores que, aínda así, teñen que facer un serio esforzo para non perderse na maraña de demostracións gratuítas que fai a autora.

Como penso que este tipo de afirmacións debe sempre xustificarse, vaia por diante un fragmento da novela que non constitúe unha excepción, senón que, polo contrario, marca a tónica xeral:

Sigh no more, ladies, sigh no more", cancións coma fármacos, "Trip away; make no stay; meet me all by break of day [...], cancións para suspirantes e para días rotos nos que cada amencer puido anunciar o tren, o último tren, o tren de Auschwitz. Non foron pímulas, non, o dramaturgo volveuse

psicópata por xogar a chorar con Shakespeare, porque as mulleres de Terezín foron Ofelias, que preguntaron coa mirada fixa nos policías de Hugo Boss "And will' a not come again".

E así todo o libro.

Está fóra de discusión que Inma López Silva é unha muller moi culta, e entre moitos outros traballos que logo recordaremos acaba de publicar hai pouco un excelente ensaio, en colaboración con Dolores Vilavedra, dedicado ao estudio das xornadas de teatro que se celebran desde os anos setenta en Ribadavia; pero ter unha gran cultura, ou se se quere unha erudición, desbordante non garante en absoluto a capacidade para contar historias, para narrar, oficio que por suposto pode revestir estilos, técnicas, intencións e mesmo niveis de lectura moi variados, pero que ten que caracterizarse por unha coherencia interna e por unha procura de achegamento ao lector e non pola continua repetición de citas literarias en cantos máis idiomas mellor que máis ben parecen querer abafar o pobre incauto que confía na optimista definición da contraportada do libro.

A vila de San Eirís sérvelle, como dicía antes, de pano de fondo ao relato das singulares historias de amor das protagonistas da obra, que se suceden en diferentes planos partindo dunha narradora en primeira persoa. Unha vila, por certo, na que o frade canta todas as mañás ás sete e media o "L'alba separa dalla luce l'ombra", dun tal Tosti (un é moi ignorante en cuestións operísticas, certamente), sen coro nin orquestra, *a capella*, e na que conflúen Carmen Sálvora, que empezou

cantando nos cabarés de París antes de percorrer Italia e Berlín, Isadora Xénova, que perdeu o home afogado no mar e botouse á rúa en Tiburtina para chegar a coñecer a Benito Mussolini, que por suposto se namorou dela, o doutor Heinrich Gassman, Zoé de Zumálave, que encontra o seu home Ugarte en México, Mony Hermelo, nacida en Bos Aires, que tamén andou polos montes de Italia, Inés Andrade Zumalave, e unha serie de personaxes fantásticos que, partindo de circunstancias persoais moi diferentes e de historias de amor en tempos de guerra e en tempos de paz, acumulan, na voz da narradora ou na súa propia, reflexións sobre o propio sentimento amoroso e a importancia dos sentidos na formación dos desexos.

Como toda novela froito dunha longa e coidada elaboración —como sen dúbida é o caso desta— os diferentes niveis de lectura son certamente complexos: un deses niveis admitiría unha lectura en clave feminista, xa que os personaxes debuxados con máis potencia e intensidade son os femininos, moito máis suxestivos cós masculinos e capaces case todos de enfrontar a sexualidade dun xeito libre e sen complexos, elixindo e mesmo utilizando os homes que se cruzan nas súas vidas.

Non se trata, en todo caso, de personaxes que evolucionen ó longo da obra, senón de estereotipos que Inma López Silva utiliza como medio para enlazar anécdotas e situacións fantásticas —no mellor sentido da palabra— que conflúen no mencionado escenario mítico da vila de San Eirís, procedentes de Berlín, Roma, Bos Aires ou México e que superan os límites do espacio e do tempo, supera-

ción que se ve axudada pola presenza constante de personaxes históricos ou de ficción que están no imaxinario popular como exemplos de amores máis ou menos imposibles: o sarxento Warden e Karen, Scarlett O'Hara e Ashley (así figura na novela, aínda que a historia de amor máis evidente da película parece ser a que Escarlata ten con Rhett Butler), o conde Almásy e Katharine Clifton, Xenebra e Lançelot, Paris e Helena, Marisa Mallo e Daniel da Barca, César e Cleopatra, Lennon e Yoko Ono, Mony Hermelo e Óscar Ovidio da Reencarnação, Garcilaso e Isabel Freire, Josefina e Napoleón, Goebels e Macarena Granados...

Outro aspecto digno de ser subliñado é a excelente capacidade lingüística da autora para transmitir, a través dun estilo literario moi coidado, unha mestura de olores, cores e sabores que definen os personaxes ou simplemente retratan as súas obsesións persoais. Non parece casualidade que se mencione a Juan Ramón Jiménez, aquel gran poeta afectado por unha hipersensibilidade enfermiza, a quen lle facía sufrir a cor dunha tarde de outono ou se entusiasmaba coa variación nos tons das rosas, porque iso é tamén *Concubinas*: un cóctel de sensacións, unha combinación de gustos e suxestións táctiles, que recorda nalgúns parágrafos os escenarios míticos das obras que se escribiron dentro do movemento que se deu en chamar "realismo máxico" sudamericano.

As xa mencionadas augas do río de San Eirís, que baixan vermellas cada 18 de xullo, data certamente apropiada para lembrar o sangue, Helena Zumálave chorando ouro, o olor a castañas asadas que

intenta imaxinar Inés Andrade, as cores dos cadros de Kandinski, os chocarelos de madeira que abanean co vento pendurados dun piñeiro á entrada de San Eirís, música de tangos ou clásica, comidas, perfumes e esenciais que se converten nunha verdadeira orxía dos sentidos, de suxestións que rodean o lector cunha hábil evocación da memoria sensitiva propia.

Inma López Silva pertence, polo menos por idade e ambición, a un grupo de escritoras galegas mozas, tanto poetas como novelistas, e a miúdo ambas cousas, que están interrompendo no noso panorama literario con forza cada vez máis grande e que comparten unha serie de características xeracionais que non son para analizar nesta reseña, pero que resultan coherentes coa evolución social e cultural da muller e coa propia situación dun mercado literario no que son as mulleres as que máis len e mercan libros: dentro deste grupo de autoras, cada unha coas súas propias liñas temáticas e estilos, pode observarse unha lóxica elección de personaxes e protagonistas femininos, a reivindicación da liberdade sexual e a afirmación implícita pero sen complexos da igualdade da muller en todos os espazos públicos ou privados nos que se move.

Nacida en Santiago de Compostela, en 1978, Inma López Silva é licenciada en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago e leva a cabo un polifacético traballo cultural e literario: investigadora e crítica teatral —como máis arriba recordabamos— colabora ademais coas revistas *Citania*, *Grial*, *Revista Galega de Teatro* e a madrileña *Primer acto*, así como no xornal *El Correo Gallego*. É

tamén membro do consello de redacción da revista *Dorna*. Premiada en certames coma o Manuel Lueiro Rei ou o Modesto R. Figueiredo, tiña publicados ata o momento a novela *Neve en abril* (premio Rúa Nova en 1996, ou sexa, cando contaba apenas dezaioito anos) e o libro de relatos *Rosas, corvos e cancións* (2000). Alén de publicar diversos textos en revistas e antoloxías, participou no volume colectivo *Narradoras* (tamén do 2000), xunto con outras escritoras ás que antes aludimos.

Esta é, sen embargo, a que pode considerarse a primeira obra de madurez — malia a súa xuventude— de Inma López

Silva. No ambicioso intento por unir espacios e tempos, construír un escaparate de personaxes fantásticos moi variados e elaborar literariamente unha saborosa invitación ós sentidos, reside o mérito máis grande de *Concubinas*, que adoece, porén, da mencionada reiteración de citas por veces innecesarias na estrutura dunha obra de ficción.

Agardemos con expectación a seguinte obra da autora, que deixa aquí ben alto o listón de esixencias que pode acadar mantendo os elementos máis claramente persoais e o seu estilo literario e limando esas asperezas que non desvirtúan, nin moito menos, un traballo salientable.

Tomás Ruibal
Colexio Possumus
Vigo

